



PROGRAMACIÓN PT.(2022-2023)

PLAN DE ACTUACIÓN.

- 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE INTERVENCIÓN DE PT NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO CENTRO, NA PXA E NO D.O.
- 2.- FUNCIÓNS DA MESTRA DE PT(segundo o PXAD)
- 3.- OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PROGRAMA XERAL DE INTERVENCIÓN DE PT NO CENTRO PARA O ACTUAL CURSO.
- 4.- COMPETENCIAS CLAVE.
- 5.- ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS QUE PRECISA ATENCIÓN E APOIOS ESPECIALIZADOS DE PT E NECESIDADES QUE PRESENTA CADA UN DELES.
- 6.- ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE PT PARA O ACTUAL CURSO. HORARIO DO MESTRE DE PT.
- 7.- METODOLOXÍA XERAL.
- 8.- RECURSOS.
- 9.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS.
- 10.- COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, D.O. E RELACIÓN COAS FAMILIAS.
- 11.- AVALIACIÓN.

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE INTERVENCIÓN DE PT NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO CENTRO, NA PXA E NO D.O.

Como se establece no artigo 16.1 do *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo a aquel alumnado “que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar(...)”.

No Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, tamén se fai referencia á atención á diversidade, especificando a necesidade de atender ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo (artigo 9.3).

É preciso pois adoptar todas as medidas necesarias para atender ao noso alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria, tendo sempre presentes os principios de normalización e inclusión e asegurando a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo (artigo 16.3).

O CEIP O Piñeiriño está situado nun extremo do barrio do mesmo nome, na zona sur da cidade de Vilagarcía de Arousa. Neste curso 2022-2023 escolariza a 290 nenos e nenas (80 de EI e 210 de EP) e ten 26 mestres e 1 coidadora.

As instalacións do centro son completas e axeitadas aínda que no referido á accesibilidade física, non conta con ramplas de acceso nin ascensor, dificultando a mobilidade entre plantas. ademais das aulas ordinarias de cada grupo de alumnos, o centro conta coas seguintes: aula de inglés, aula de música, aula de informática, aula de plástica e aula de educación física. Dispón tamén dunha biblioteca, ben dotada e atendida polo propio profesorado e dun salón de usos múltiples, utilizado para o desenvolvemento de variados tipos de actos (festivais, conferencias, xuntanzas coas familias, escola de pais ...) e para a realización de actividades de psicomotricidade.

Ao inicio de curso, en reunión co orientador, os especialistas de PT e AL identificamos ao alumnado susceptible de necesitar apoio, baseándonos no traballo e memorias do curso anterior así como nos datos da matrícula, por si houbera novas incorporacións. Analizamos os expedientes e informes individuais, se fose o caso e establecemos as prioridades de atención segundo os criterios establecidos no PXAD:

- “- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.*
- Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular significativa e ao alumnado inmerso nunha flexibilización escolar.*
 - Serán obxecto de atención o alumnado con apoios ou reforzos que repite curso. Valorarase se a repetición xa é unha medida suficiente e non require outras suplementarias.*
 - Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, que serán revisados polo Departamento de Orientación, a principios da cada curso e establecerá conveniencias e prioridades atendendo ás necesidades educativas de cada alumno e á dispoñibilidade de recursos tanto persoais como materiais.*
 - Tentarase un apoio de calidade que satisfaga as necesidades educativas específicas do alumnado.*
 - Os apoios serán, agás determinados casos que necesiten unha atención individual moi específica e unha atención moi personalizada, dentro da aula ordinaria, e só, en casos moi concretos e necesarios, primará o apoio individual sobre o grupal.*
 - A atención ao alumnado fóra da aula será temporalizada compatibilizándoa nas materias obxecto de apoio coa atención docente directa dentro da aula por parte do profesorado do grupo ordinario. Intentando a súa aplicación nas materias non instrumentais.”*

2.- FUNCIONS DO MESTRE DE PT (segundo o PXAD)

- Asesorar na elaboración das AC.
- Intervir co alumnado que no seu informe psicopedagóxico, ou no posterior seguimento, o orientador especifique a necesidade de apoio especializado por parte deste profesorado.
- Participar na avaliación do alumnado con neae.
- Colaborar co equipo docente na orientación e coordinación coas familias.
- Elaborar materiais específicos e recursos para o alumnado con neae.
- Participar na coordinación e seguimento das medidas propostas cos titores/as, mestres especialistas e PT e AL.

3.- OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PROGRAMA XERAL DE INTERVENCIÓN DE PT NO CENTRO PARA O ACTUAL CURSO.

- Integrar ao alumnado con neae na dinámica e na vida diaria escolar.
- Desenvolver a súa autonomía persoal, tanto para realizar o traballo escolar como para participar activamente nas actividades escolares.
- Potenciar a súa maduración básica para favorecer as aprendizaxes escolares.

Para o alumnado de Educación Infantil:

- Favorecer a súa adaptación ao medio escolar e ás rutinas diarias.
- Apoialos no descubrimento do seu propio corpo e no desenvolvemento da psicomotricidade fina.
- Estimular o uso da linguaxe oral, tentando que sexa en contextos ordinarios e funcionais.
- Aproveitar as actividades cotiás das aulas de Educación Infantil para favorecer a estimulación sensoriomotriz básica nos alumnos con retraso madurativo.
- Favorecer e apoiar o achegamento á lingua escrita e á linguaxe matemática.

Para o alumnado de Educación Primaria:

a.- Procesos cognitivos básicos: memoria, atención, percepción.

- Potenciar e adestrar os mecanismos de atención e memoria que favorecen o rendemento escolar.
- Aprender a focalizar a atención na tarefa encomendada.
- Discriminar os aspectos importantes dos accesorios, segundo as instrucións dadas.
- Mellorar a memoria a curto e longo prazo, así como exercitar a memoria de traballo.
- Procesar a información sensorial obtida a través de diferentes canles, para obter a resposta axeitada en cada situación.
- Autorregular o pensamento. Autoinstrucións. (Que teño que facer?, como vou facelo?, como o estou a facer?, como o fixen?)

b.- Área das Linguas:

- Aumentar o vocabulario.
- Mellorar tanto a comprensión como a expresión oral, favorecendo o razoamento e estruturación do seu espazo e tempo.
- Reforzar e mellorar a aprendizaxe da lectura e da escritura, utilizando e/ou creando materiais axeitados á dificultade específica de cada un dos alumnos e alumnas e adaptándoos ao seu estilo de aprendizaxe.

- Mellorar a comprensión lectora.
- Mellorar a psicomotricidade fina, o ritmo, a prensión, a presión e a direccionalidade para favorecer unha boa escritura.

c.- Área da lóxica-matemática:

- Reafirmar o coñecemento de conceptos básicos de tempo, espazo e cantidade.
- Traballar o razoamento lóxico oralmente.
- Asociar número e cantidade.
- Iniciarse e/ou reforzar as operacións básicas.
- Solucionar problemas sinxelos.

4.- COMPETENCIAS CLAVE.

Son sete as competencias clave establecidas na LOMCE. Faremos mención a cada unha delas, explicando brevemente a que se refiren e como podemos favorecer a súa consecución dende este plan de acción:

1º. Comunicación lingüística (CCL): Competencia fundamental para o desenvolvemento da persoa, tanto no referido á comprensión como á expresión oral e escrita.

Favoreceremos a expresión e a comprensión oral apoiando no aumento de vocabulario, na exposición a diferentes situacións comunicativas e na participación activa na vida da aula ordinaria e do centro.

En canto á expresión e comprensión escrita apoiaremos, dende a necesidade específica de cada alumno con neae, cos materiais e metodoloxías axeitados a cada neno e nena para un acceso eficaz, funcional e comprensivo á lectura e á escritura.

Neste apartado salientaremos a introdución e uso de Sistemas Alternativos de Comunicación (SAAC), sobre todo pictogramas ARASAAC e algúns xestos do Sistema Bimodal, co alumnado con TEA, para os horarios, as rutinas diarias e as axendas, así como para a anticipación de actividades complementarias.

2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): A competencia matemática refírese á habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar as informacións da contorna, para ter un coñecemento máis completo da realidade e para proporcionarnos estratexias de resolución de problemas aplicables a calquera circunstancia.

Favoreceremos o coñecemento dos conceptos básicos matemáticos, da numeración e das operacións básicas para poder aplicarlos á resolución de problemas da vida cotiá, permitindo así a autonomía persoal e a toma de decisións.

3º. Competencia dixital (CD): Implica a utilización das TIC como instrumento de aprendizaxe, a través de programas educativos e da utilización de software de uso cotiá: procesador de textos, debuxo, así como o seu uso seguro e crítico para a obtención, análise, intercambio e produción de información.

Na actualidade o uso das TIC é habitual nas nosas aulas. Ademais de ser un medio moi motivador para o alumnado, podemos atopar unha grande variedade de actividades interactivas que nos permiten traballar segundo as necesidades específicas de cada un deles ou ben adaptalas e/ou crealas.

Así mesmo, temos acceso a software que favorece e facilita o uso dos SAAC (Pictodroid, araword, pictoaplicacións,...) polo que é imprescindible que tanto o profesorado como o alumnado teñan a competencia dixital suficiente para exercer a súa autonomía.

4º. Aprender a aprender (CAA). Esta é unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolve a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativo para conquistar un obxectivo. Inflúen nesta competencia a motivación e a curiosidade ante as novas aprendizaxes, así como a autoconfianza e a seguridade nun mesmo, aspectos que temos moi presentes na nosa práctica docente.

En moitas ocasións, as dificultades coas que se atopa o alumnado con neae nas aprendizaxes escolares provocan falta de interese e desmotivación. Para evitalo, suavízalo e ensinarlle a enfrontarse á vida escolar, as nosas intervencións non son sempre especificamente escolares, senón que debemos adestrar ao alumnado en estratexias facilitadoras en función das súas habilidades e dificultades. Por exemplo, nos casos de TDAH abordaremos o adestramento en autoinstrucións, a exercitación das funcións executivas (planificación, organización do tempo, memoria de traballo, persistencia por etapas,...).

5º. Competencias sociais e cívicas (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.

A convivencia entre persoas de diferentes características, capacidades, etnias, sexo,... e a programación de actividades de aprendizaxe servizo que o centro xeralmente contempla, favorece a adquisición desta CSC.

6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou da literatura.

Os especialistas, tanto de PT como de AL, facilitaremos, apoiaremos, adaptaremos, na medida que sexa posible e necesario, as actividades do centro para favorecer a participación total e inclusiva do alumnado con neae, permitindo a adquisición de tódalas competencias.

5.- ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS QUE PRECISA ATENCIÓN E APOIOS ESPECIALIZADOS DE PT E NECESIDADES QUE PRESENTA CADA UN DELES.

Especificácase se os apoios se realizan na aula ordinaria (AO) ou na aula de apoio (AA).

ALUMNO	CURSO	TIPO DE APOIO	NEAE	DURACIÓN
Rubén V.	2º EP B	A.A./A.O.	TEA	5 sesións
Brais G.	4º EP A	A.A.	Dificultades de aprendizaxe	1 sesión
Nerea A.	5º EP A	A.A./A.O.	Retraso madurativo- Retraso significativo da linguaxe	3 sesións
Juan F J.	5º EP B	A.O.	TDAH. Conductas disructivas	3 sesións
Mijail S	5º EP B	A.O.	Dificultades de aprendizaxe	3 sesións.
Unai L.	6º EP A	A.A./A.O.	TEA	3 sesións
Aarón A.	6º EP A	A.A./A.O.	Retraso madurativo.	5 sesións
Loaira M.	6º EP A	A.A./A.O.	Dificultades de aprendizaxe	3 sesións
Eimy H	6º EP A	A.A./A.O.	Necesidade especifica de apoio	2 sesións

			educativo	
Kevin J.	6º EP B	A.A./A.O.	Retraso escolar	3 sesións
Pablo B.	6º EP B	A.A./A.O.	Deficit de atención. Retraso escolar	3 sesións
Helen H	6º EP B	A.A./A.O.	Necesidade especifica de apoio educativo	2 sesións

6.- ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE PT PARA O ACTUAL CURSO. HORARIO DO MESTRE DE PT.

PT	Apelidos e Nome	JACOBO ARAGUNDE SOUTULLO				
Nº Sesión	Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	9:25-10:20	Juán Francisco J 5ºEP-B Mijail S 5ºEP-B (5º EP-B)	Nerea A 5º EP-A (AULA DE PT)	Juán Francisco J 5ºEP-B Mijail S 5ºEP-B (5º EP-B)	Aarón A 6º EP-A Loaira M 6º EP-A Unai L 6º EP-A (6º EP-A)	Nerea A 5º EP-A (5º EP-A)
2ª	10:20-11:10	Helen H 6ºEP-A (AULA DE PT)	Heimy H 6ºEP-B (6º EP-B)	Aarón A 6º EP-A Unai L 6º EP-A (6º EP-A)	Pablo B 6ºEP-B Kevin J 6ºEP-B (AULA DE PT)	Loaira M 6º EP-A (AULA DE PT)
3ª	11:10-12:00	Rubén V 2º EP-B (2º EP-B)	Rubén V 2º EP-B (AULA DE PT)	Heimy H 6ºEP-B (AULA DE PT)	Helen H 6ºEP-A (6º EP-A)	Pablo B 6ºEP-B Kevin J 6ºEP-B (AULA DE PT)
4ª	12:00-12:30	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
5ª	12:30-12:50	HORA DE LECTURA	HORA DE LECTURA	HORA DE LECTURA	HORA DE LECTURA	HORA DE LECTURA
6ª	12:50-13:40	Pablo B 6ºEP-B Kevin J 6ºEP-B (AULA DE PT)	Brais G 4º EP-A (AULA DE PT)	Rubén V 2º EP-B (2º EP-B)	Juán Francisco J 5ºEP-B Mijail S 5ºEP-B (5º EP-B)	Aarón A 6º EP-A Loaira M 6º EP-A Unai L 6º EP-A (6º EP-A)
7ª	13:40-14:30	Nerea A 5º EP-A (5º EP-A)	Aarón A 6º EP-A Loaira M 6º EP-A (6º EP-A)	Aarón A 6º EP-A (AULA DE PT)	Rubén V 2º EP-B (2º EP-B)	Rubén V 2º EP-B (2º EP-B)

7.- METODOLOXÍA XERAL.

Teremos en conta a motivación e o gusto por aprender, reforzando os éxitos e axudando a afrontar as dificultades, aportando actividades estruturadas que estén dentro da zona de desenvolvemento próximo do alumna ou alumna. Teremos en conta o estilo de aprendizaxe: activo, impulsivo, reflexivo.

Trataremos de que sexa unha aprendizaxe significativa e funcional, relacionada co mundo do neno ou nena. Tamén é importante que sexa multisensorial, non só porque estes alumnos poden ter dificultade nalgunha modalidade sensorial, senón porque, deste xeito, facilitámoslle un acceso máis rico ás aprendizaxes. Neste senso o método VACT (Visual, Auditivo, Cinestésico e Táctil) resulta moi interesante para o traballo na aprendizaxe da lectura e da escritura en alumnos con dificultades.

No curso actual prestamos apoio a unha variedade de alumnado que, cos apoios e adaptacións de material precisas, van seguindo e participando no ritmo da clase. Por eso combinamos os apoios dentro e fora da aula, segundo as necesidades de cada momento.

As intervencións fóra da aula utilizámolas, por exemplo, co alumnado con TDAH, para o adestramento en autoinstrucións, exercicios de relaxación e autocontrol, que logo poidan aplicar na AO.

Outro alumnado con AC ten practicamente todos os apoios fora da AO, xa que as nees son moi significativas, precisando iniciarse na lecto-escritura e na numeración, así como na expresión oral básica, polo que consideramos que o apoio individualizado é o máis axeitado.

No eventual caso de ter que voltar á non presencialidade ou que algún dos alumnos e alumnas atendidos pola mestra de PT, teña que permanecer en confinamento, organizarase a atención en función das características do alumno ou alumna concreto.

- Atención a través da aula virtual do centro.
- Atención a través do EVA – edixgal.
- Atención telefónica,
- Envío de material ao seu domicilio.

8.- RECURSOS.

- Xogos educativos: puzzles, encaixables, construcións, xogos de mesa, xogos magnéticos...

- Xogos simbólicos: supermercado, cociña, ferramentas, animais, comidas, bonecos, coches...

- Material para a lóxica-matemática: ábacos, regletas, blocos lóxicos, tarxetas, dominós de números e/ou figuras, xogos de metades, sombras, formas, caderniños...

- Material para as linguas: Diferentes métodos de lectura e escritura, libros animados, de contos, caderniños, alfabetos en diferentes materiais e tamaños, tarxetas de accións, obxectos da vida cotiá, etc., bits de intelixencia, materiais para logopedia (sopro,

espello, oca logopédica,...) o tren das palabras e tarxetas para a formación de frases, autodictados, lotos,...

- Material para o desenvolvemento das funcións psicolóxicas básicas: taboleiros de orientación espacial, tesoiras para zurdos e dobres, ensartables, memoris, xogos magnéticos, xogos para a identificación de sons, cadernos con actividades de atención e percepción, grafomotricidade, ...

- Software: Na actualidade existen unha grande variedade de apps axeitadas para cada dificultade, polo que a actualización ten que ser continua para poder ofertar a cada alumno e alumna aquela que mellor responda ás súas necesidades, gustos, idade,...

9.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS.

9.1.- Rubén V. (26/12/2015) TEA.

No centro recibe atención tanto de AL como de PT.

As intervencións de PT centranse maioritariamente en actividades “un a un”, xa que buscamos a interacción a través do xogo, a imitación e o seguimento de certas rutinas; tamén é importante a estimulación da linguaxe oral,. Aproveitaremos para traballar a destreza manual e motricidade fina.

9.2.- Nerea A. (27/11/2012) Diagnosticada con retraso no desenvolvemento das habilidades básicas e trastorno no desenvolvemento da linguaxe tipo mixto. En algún informe refírese TDAH combinado con retraso na linguaxe.

No centro recibe atención tanto de AL como de PT.

As intervencións de PT faranse tanto dentro como fora da aula ordinaria.

- Na aula ordinaria, o obxectivo principal é axudala a manter a atención na actividade plantexada e participar nas actividades de grupo, respectando os tempos de espera e as quendas. Utilizaremos para elo a anticipación da actividade e o reforzo positivo.

- Na aula de apoio, traballaremos a lóxica-matemática (a comprensión de problemas sinxelos tanto a nivel oral como escrito) e a lecto-escritura.

9.3.- Unai L. (29/08/2011) TEA. Alumno con bó pronóstico, ten linguaxe oral e boa capacidade comunicativa; ademais lé correctamente e con comprensión. A atención prestarase na AO, xa que o obxectivo é que esté de xeito normalizado na súa aula.

A intervención na aula ordinaria está orientada á:

- proveer á aula dos apoios visuais necesarios para a vida diaria da aula: horarios, actividades de recreo, letreiros, anticipación visual e escrita de saídas ou outras actividades complementarias ...;
- traballar co alumno os tempos de traballo escolar e o tempo libre na aula, respectando a organización xeral, axudándolle con apoios visuais e escritos (pictogramas de ARASAAC e listas ordenadas das actividades a realizar);
- dar apoio á mestra titora nos aspectos precisos para atender a un alumno TEA na aula.

9.4.- Aarón A. (09/10/2009) Gran prematuro. Retraso evolutivo e TDAH. Tivo flexibilización escolar en Educación Infantil e repetiu 1º. Avanzou no proceso lecto-escritor e a comprensión de algunhas actividades de lóxica-matemática.

- A intervención na AO vai orientada a axudalo a respectar os tempos de traballo escolar e o tempo libre dentro da aula, así como a adaptar ou darlle apoios para completar certas actividades.

- Na aula de apoio traballaremos actividades de lóxica-matemática: numeración, operacións básicas, resolución de problemas,.... Como reforzo positivo, utilizaremos xogos que impliquen a coordinación óculo-manual, a atención, o respecto de quendas de xogo,... xa que é moi importante ir introducindo as autoinstrucións e o control corporal nos xogos de habilidade de xeito que o TDAH non domine nin impida as aprendizaxes. Tamén traballaremos a linguaxe oral (atención ás dislalias, vocabulario, expresión) e escrita.

9.5.- Pablo B. (23/08/2010) Déficit de atención. Retraso escolar. Recibirá apoio fora da aula para a reforzar á lecto-escritura e para o traballo en lóxica-matemática

9.6.- Kevin J. (23/09/2010) Retraso escolar. Pertence a minoría étnica. Recibirá apoio fora da aula para a reforzar á lecto-escritura e para o traballo en lóxica-matemática

9.7.- Brais G. (03/09/2013) Alumno con retraso nas aprendizaxes básicas e dificultades de atención e concentración. Recibirá apoio fora da aula para a reforzar á lecto-escritura e para o traballo en lóxica-matemática

9.8.- Juan F J. (13/04/2012) Diagnosticado de TDAH con conductas disruptivas. Atenderase na aula ordinario para axudalo a manter a atención na actividade plantexada e participar nas actividades de grupo, respectando os tempos de espera e as quendas.

9.9.- Mijail S (26/09/2012) Alumno con retraso nas aprendizaxes básicas e dificultades de atención e concentración.

9.10.- Loaira M. (08/11/2010) Dificultades na escritura. En principio, obsérvase unha disgrafía que traballaremos especificamente, analizando si se precisa atención noutras áreas, sempre seguindo as pautas do Departamento de Orientación.

9.11.- Helen H. (10/08/2010) Necesidade específica de apoio educativo. Incorporouse a mediados do curso pasado ao noso sistema educativo. Recibirá apoio fora da aula para afianzar os contidos aprendidos e ir adquirindo aqueles novos, creando unha base de aprendizaxe que lle permita continuar en contidos curriculares.

9.12.- Heimy H. (28/08/2011) Necesidade específica de apoio educativo. Incorporouse a mediados do curso pasado ao noso sistema educativo. Recibirá apoio fora da aula para afianzar os contidos aprendidos e ir adquirindo aqueles novos, creando unha base de aprendizaxe que lle permita continuar en contidos curriculares.

10.- COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS TITORÍAS, D.O. E RELACIÓN COAS FAMILIAS.

Para a comunicación coas familias, estamos á súa disposición no horario de atención a pais e nais, os martes de 16.30 a 17.30. Así mesmo, poden poñerse en contacto con nós cando desexen se teñen dificultades nese horario.

Para a comunicación cos titores e especialistas, dicir que as novas tecnoloxías son de gran apoio, xa que o tempo do que dispoñemos na escola non é suficiente para coordinacións. As tarefas de acordos, preparacións de probas, adaptación e resumen de materiais, etc... facémolas individualmente e compartíndoas e revisándoas conxuntamente online. O mesmo facemos para a elaboración das AC.

Temos as reunións de orientacións previstas na lexislación.

11.- AVALIACIÓN.

Para o proceso de avaliación contaremos coas directrices e acordos das xuntanzas do Departamento de Orientación, coa avaliación psicopedagóxica realizada pola orientadora e cos outros informes que poida haber.

A avaliación do alumno realizarase en tres momentos:

- Avaliación inicial.

Partiremos sempre da avaliación psicopedagóxica do alumno ou alumna. Antes da intervención do mestre de PT, o profesor titor deberá facer unha petición por escrito ao orientador, quen realizará unha avaliación inicial do alumno ou alumna. Naqueles casos nos que o alumno xa teña informe psicopedagóxico, partirase desta información e actualizarase en caso de ser preciso.

- Avaliación continua.

Nos informa sobre a evolución do alumno, o grao de consecución dos obxectivos e contidos planificados e a eficacia dos procedementos de intervención utilizados, de forma continua. Este tipo de avaliación, permítenos ir introducindo modificacións nos elementos da programación ao longo da intervención, en función dos resultados da mesma.

Revisaranse, así mesmo, os obxectivos marcados nas ACI.

- Avaliación final.

Servirá para redactar o informe final do alumnado no que se especificarán os aspectos que se traballaron co alumnado, conseguidos ou non, así como as orientacións para titores e familias.

O especialista de PT asistirá a tódalas reunións de avaliación que se realicen.

Setembro, 2022.

O mestre de PT: Jacobo Aragunde Soutullo.